

XORNADA SOBRE A PROBLEMÁTICA DO EMPREGO PÚBLICO NAS ENTIDADES LOCAIS

Centro Cultural Marcos Valcárcel

Ourense, 27 de maio de 2026

PERSOAS DESTINATARIAS

- * Persoal directivo, técnico e administrativo ao servizo das entidades locais da provincia, ou doutras administracións públicas.
- * Alcaldes/alcaldesas, concelleiros/as e cargos electos da Administración local con responsabilidades en materia de persoal e xestión de recursos humanos.
- * Avogados, consultores de administración pública e estudantes de dereito e de relación laborais, así como público en xeral, interesados/as na temática da xornada.

OBXECTIVOS XORNADA

- * Analizar, debater e proporcionar solucións á problemática actual á que se enfrontan as entidades locais na xestión e regulamentación do emprego público.
- * Estudar o impacto da estabilización dos/as empregados/as públicos/as no eido local, examinando as consecuencias dos procesos de estabilización de emprego e os mecanismos de funcionarización na Administración local logo da Lei 20/2021.
- * Avaliar a colaboración administrativa mediante o estudo de sinerxías e fórmulas de traballo conxunto entre os diferentes niveis das administracións públicas.
- * Definir e clasificar os aspectos críticos na regulación e control da xestión do tempo de traballo, analizando a normativa e a obriga do rexistro horario do persoal ou a implantación dos protocolos da xornada laboral na Administración local.
- * Contribuír a clarificar e resolver as dúbidas sobre os mecanismos de control e determinación do tempo de traballo nas Entidades Locais.
- * Instruír os/as participantes sobre a implementación efectiva de canles de denuncias, plans de igualdade e protocolos obrigatorios dentro das Entidades Locais, para así fomentar o cumprimento normativo (Compliance laboral).
- * Establecer pautas para a elaboración de protocolos de prevención contra o acoso laboral e dos procedementos de instrución no caso de denuncias por acoso.
- * Revisar a doutrina xudicial máis relevante dos anos 2025 e 2026 en materias cruce como son o abuso da temporalidade e indemnizacións, as incompatibilidades e excedencias, os riscos laborais, as ofertas públicas de emprego e as retribucións.